


1991



“O cocido pide un tinto do país o máis sereo e graduado que se poida. Unha vez estaba eu de xurado nun concurso dos viños do condado, en Salvaterra de Miño. (...)

...e había que dar puntos aos viños de 1 a 5, e a meu carón estaba un catador anotando, que nunha ollada que botei de esguello ao seu papel, vin que non numeraba se non que escribía algo. Pregunteille que poñía a aquel tinto que estabamos catando e díxome que simplemente isto: ‘Bo para o cocido’. Era un tinto de Rubiós, adulto, ben feito, farturento, campechán. Si señor, un tinto para un cocido, acañado, que é o mellor. Aquel amigo, ademais de catador, era un ‘gourmet’.”

A cociña galega (1963)

ÁLVARO CUNQUEIRO

(Mondoñedo, 1911 – Vigo, 1981)

Foi un poeta, novelista, dramaturgo, xornalista e gastrónomo galego. Estudou Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela e comezou axiña a colaborar en diversos xornais coma *El Pueblo Gallego*. Foi redactor de *La voz de Galicia*, *El Progreso* e *Faro de Vigo*, do que foi tamén director. En 1963 ingresou na Real Academia Galega. A súa obra poliédrica vai desde a vangarda poética ata a fabulación, que mestura realidade e ficción, cun estilo moi coidado e dotado de humor.

GRANDES ÉXITOS



1955

Merlín e familia (1955) é unha novela que recupera a famosa personaxe da materia de Bretaña para situala en terras galegas. Mediante unha mesma estrutura, o mago Merlín recibe visitas e resolve enredos, sempre con moita imaxinación e humor.

Escola de menciñeiros (1960)

é un libro de relatos curtos que parece formar parte dunha triloxía xunto con *Xente de aquí e de acolá* (1971), que vai dedicado a Antonio Odriozola e a Francisco Fernández del Riego, e *Os outros feirantes* (1979), que recibiu o Premio da Crítica Española.



1960

Outras das súas obras son *Mar ao norde* (1932), *As crónicas do sochantre* (1956), *Si o vello Sinbad volve á illas* (1961) e *A cociña galega* (1963).

“De Álvaro Cunqueiro son amigo desde que eramos nenos e coincidiamos no autobús de Freire para ir examinarse a Lugo, cando eu marchaba de Lourenzá e el de Mondoñedo. Logo mantivemos unha amizade durante toda a vida e son padriño dunha neta súa. Cantas reunións e comidas pasamos xuntos! Ata fomos de viaxe a Inglaterra no Queen Elisabeth para conmemorar os 900 anos da batalla de Hastings. Logo adicoume un poema titulado ‘Os cantos de Hastings’ e eu publiquei *Álvaro Cunqueiro e o seu mundo: vivencias e fabulacións*, ademais de moitos artigos e conferencias.”

Francisco Fernández del Riego

